



Federación de Traballadores
do Ensino
Comisión Executiva Nacional



Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

REFERENCIA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUEMENTO DO ACORDO DE REAGRUPAMENTOS DE ALUMNADO NOS CENTROS DE INFANTIL E PRIMARIA

Santiago de Compostela, 09.07.10

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN RACHA UNILATERALMENTE O ÚNICO ACORDO QUE ASINOU NESTA LEXISLATURA

Hoxe ás 10 h. reuníuse a COMISIÓN DE SEGUEMENTO DO ACORDO DE REAGRUPAMENTOS ASINADO POR UGT E OUTRAS OOSS, para tratar o grao de cumprimento do mesmo.

Participan o Director xeral de centros e RRHH (JM Pinal), o Sudirector de RRHH (JL Canosa), o xefe de servizo de profesorado de infantil e primaria (J.Fernández) e a secretaria (Sole). Polas OOSS participan UGT, CCOO, ANPE e STEG.

A Consellería por medio do Subdirector de RRHH, unicamente nos comunica, contrariamente ó que tiña prometido na reunión do 25 de maio, que non poden executar o acordo asinado e propón con carácter irrevocable ás OOSS asinantes do acordo que teñen que DEFERILLO intemporalmente pola crisi económica.

A UGT insiste e esixe os datos sobre as creacións e supresións.

A Consellería contesta que os datos serán remitidos ás Xuntas de Persoal, pero o resumo é que se crearían 80 UNDS que suporían unha dotación de 90 ou 100 prazas de mestres. Insístese en que presenten unha proposta intermedia. A posición é rixida.

A UGT comunica que as medidas que se tomarán serán adoptadas pola organización sen descartar as máis contundentes.

INFORMACIÓN SOBRE PERMUTAS E CS POR RAZÓN DE SAÚDE E CONCILIA:

Logo das peticións feitas pola UGT sobre estas cuestións a Consellería informa:

- As permutas seguen en estudio e con informes de asesoría xurídica en contra. Están analizando a posibilidade de autorización a través dun decreto xeral da Xunta que desenvolvería o Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP). Polo tanto o profesorado solicitante terá que manterse á espera.

-PROCEDERASE A ABRIR A APLICACIÓN INFORMÁTICA PARA O PROFESORADO DE SECUNDARIA QUE PARTICIPA NOS DESTINOS PROVISIONAIS PARA POSIBLES MODIFICACIÓNS NAS PETICIÓN POR INCORPORARSE NOVOS CENTROS NA CORRECCIÓN DE ERROS. TAMÉN SE ABRIRÁN PARA DEFINITIVOS DE PRIMARIA QUE TEÑAN CONCEDIDA CS HUMANITARIAS POLA INCIDENCIA DE ELEXIR ANTES OS SUPRIMIDOS E DESPRAZADOS.

PÚBLICA DE FETE-UGT/GALICIA